

## BORRADOR - MEMORIA 2013

### ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA

Contacto: [info@galicia.isf.es](mailto:info@galicia.isf.es)

## ACTIVIDADES NORTE

## FORMACIÓN

### FORMACIÓN REGLADA (másters, postgrados....)

UNIVERSIDADE	ASIGNATURA, MASTER, POSTGRADO
Universidad de A Coruña	<b>Asignatura Introducción a Cooperación para o Desenvolvemento</b>
<b>Resumen:</b> Materia de Libre Elección que levouse a cabo no segundo cuadrimestre na UDC. 17 relatores participaron en conferencias/mesas redondas, actividades, etc. coa colaboración da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade de A Coruña. Estivo coordinada por varios profesores da UDC e realizada polo grupo de Educación para o Desenvolvemento de ESF en A Coruña. As sesións alternan contidos teóricos, debate, talleres, video-fóruns, diapositivas, etc, máis actividades de carácter obrigatorio. Máis información no blogue <a href="http://esf-icd.blogspot.com/">http://esf-icd.blogspot.com/</a>	

### FORMACIÓN NO FORMAL (cursos online, seminarios, conferencias...)

ACTIVIDADE	BREVE DESCRIPCIÓN
<b>VIII Edición do Curso de Introducción a la Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano</b>	Curso de introdución e desenvolvemento de temáticas vinculadas á tecnoloxía para o desenvolvemento humano impartido nas universidades de Lugo e Santiago de Compostela.
<b>III Xornadas de Soberanía Alimentaria</b>	Curso de introdución para o alumnado do Campus de Lugo, que persegue mostrar ó alumnado unha visión global das causas e consecuencias do neoliberalismo nun mercado global
<b>Curso de Voluntariado da USC</b>	Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, ESF impartiu una charla de cooperación ao desenvolvemento.

## PROGRAMA DE CONOCIMIENTO DE LA REALIDAD

**Nº de persoas que participaron: 4.** Gracias ao traballo da comisión, dos grupos de traballo e doutras persoas da asociación, en 2013 participarán 4 persoas no Programa de Coñecemento da Realidade:

Grupo Agua: Sandra García, Daniel Vila  
Grupo Agro: Adrián Castro, Yolanda

**Países en los que han participado: Honduras.**

**Resumen:**

Trátase dun programa de Educación para o Desenvolvemento, se ben é un programa transversal e de gran importancia estratéxica en ESF. En 2013 participaron 3 persoas no programa de coñecemento da realidade. Trala acollida na asociación (xa que algunha delas non pertencía a ESF antes de ser seleccionada para o programa), lévase a cabo unha formación, para posteriormente realizar a estancia de 2-3 meses de duración, cun compromiso de fortalecemento da asociación e difusión da súa experiencia á volta.

## **CAMPAÑAS DE INCIDENCIA Y SENSIBILIZACIÓN**

**NOME DA CAMPAÑA: Obradoiros de tecnoloxía apropiada.**

**Ciclo de obradoiros prácticos en tecnoloxías apropiadas que organizó ESF en Santiago de Compostela.**

Actividade enmarcada dentro de un programa máis amplo de tecnoloxías axeitadas co fin de difundir a idea do desenvolvemento sostible e fomentar o pensamento crítico sobre as tecnoloxías presentes na nosa realidade.

Os módulos foron os seguintes:

**Fornos solares.** Primeiro módulo sobre fornos solares no que se nos mostrou como realizar un forno solar mediante a reutilización de materiais caseiros. Realizado na ETSE da USC.

**Cosméticos naturais.** O obradoiro de cosméticos naturais na aula verde de SEPIU. O taller impartido por Susana Castro, unha das integrantes da cooperativa Xeira Consultora, ensinounos como facer un protector labial e unha pomada de caléndula con ingredientes naturais e ecolóxicos

**Gasolina caseira. emprego de aceite vexetal usado como combustible.**

Realizouse no hall da Facultade de Física no Campus Vida, antigo campus Sur da USC. Desta volta contamos coa colaboración da asociación de estudantes Isaac Newton (AISNE). Exposición práctica sobre a reciclaxe de aceite vexetal usado como combustible en motores diesel.

**NOME DA CAMPAÑA: xornada Claros e Escuros na Cooperación ao Desenvolvemento.**

**Organizada por Arela e Enxeñería Sen Fronteiras Galicia coa colaboración de Panxea.**

Interesante xornada sobre Claros e Escuros da Cooperación Internacional, con debates, experiencias e relatorios, por exemplo o que fixo Miquel Carrillo sobre "Efectos e Consecuencias da cooperación internacional, unha análise global".

**NOME DA CAMPAÑA: Un viaxe de ida e volta para coñecer a realidade - PCR 2013**

Organizouse unha primeira formación obrigatoria para ter o primeiro contacto con os posibles PCRs, coincidindo co curso de Tecnoloxía e Cooperación para o Desenvolvemento Humano en Lugo.

As persoas seleccionadas e suplentes propuxéronselles as dúas seguintes formacións, para completar a formación xeral:

- Xornada Claros e Escuros da Cooperación.
- Segunda formación xeral, onde se trataron temas como: enfoque de xénero, interculturalidade, comunicación para o cambio social, seguridade e saúde en Honduras, etc.

**NOME DA CAMPAÑA: I Xornadas sobre Voluntariado de Cooperación ao Desenvolvemento.**

Organizado por ESF con apoio da Coordinadora Galega de ONGDs.

O obxectivo das mesmas era crear un espazo de reflexión en torno ao voluntariado de cooperación ao desenvolvemento no que compartir experiencias e visións xunto a persoas voluntarias de distintas organizacións, administracións e outras persoas que xestionen voluntariado. Para cumprir este obxectivo as xornadas dividíronse en dúas partes diferenciadas:

- 1.- Mesa redonda onde se convidou as distintas administracións que traballan co voluntariado de cooperación (Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, Fondo Galego de Cooperación e Subdirección Xeral de Voluntariado e Participación).
- 2.- Obradoiro para compartir experiencias entre as persoas asistentes.

**NOME DA CAMPAÑA: Charla “Situación Actual da Minaría Metálica e o Acceso a Auga en Nicaragua”**

Harmhel Dalla Torre, da Asociación La Cuculmeca (Nicaragua) visitou Galicia (xa por segunda vez, a primeira foi xa hai 5 anos), desta volta para falarnos dunha temática na que existen grandes paralelismos entre o que está a ocorrer no seu país e en Galicia: o auxe da minaría metálica. Ademais, tamén deu tempo a compartir con el a evolución da situación do acceso á auga dende a última vez que estivo por aquí (tamén en Galicia tivemos novidades dende aquela coa aprobación dunha Lei de Augas que trouxo o debate fora e dentro da asociación...).

## **PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO**

**PROXECTO:** “Fortalecemento de las capacidades de gestión de los recursos hídricos del personal técnico de la Municipalidad de Marcovia, Honduras”

**FINANCIADOR:** Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**PROXECTO:** "Promoción da produción sustentable e uso racional dos recursos naturais a través da implementación de 100 sistemas de rego na microcunca Quebrada de Gallardo do municipio de Namasigue, Honduras", financiado por la Deputación da Coruña.

**FINANCIADOR:** Deputación da Coruña

**PROXECTO** Redución da vulnerabilidade alimentaria de 32 familias campesiñas mediante a implementación de sistemas de rego por goteo e a cría e manexo de aves de patio na microcunca Río Laure, San Lorenzo, Valle, Honduras.

**FINANCIADOR:** Concello de Lugo

**PROXECTO:** Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais en 10 comunidades da microcunca Quebrada Gallardo, municipio de Namasigüe, departamento de Choluteca, Honduras. FASE II. (segunda anualidade)

**FINANCIADOR:** Xunta de Galicia

**PROXECTO:** Proxecto de abastecemento e saneamento na comunidade de San José de Las Conchas, no municipio de Marcovia en Honduras (Segunda anualidade)

**FINANCIADOR:** Xunta de Galicia

## TRABAJO EN RED Y RELACIONES INSTUTICIONALES

- **Federación Española de Ingeniería sin Fronteras.**
- **Coordinadora Gallega de ONGD.**
- **FIARE**

Nas distintas sedes de ESF Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo) pretendemos formar parte das redes locais con outras ONG e movementos sociais, tratando de "pensar globalmente e actuar localmente". Algunhas destas redes son o Foro Social Galicia Sur, o Concello de Asociacións de Lugo ou a Rede Social Ferrol Terra.

## AGRADECIMIENTOS (revisar)

Ante todo, a nosa base social, 65 voluntarios e 181 socios que son auténticos axentes transformadores da sociedade, e aos nosos compañeiros do resto das asociacións de ISF que conformamos a Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras.

### **Institucións públicas**

Alcaldía de Marcovia (Honduras)

Deputación de A Coruña

Diputación de Valladolid

Concello da Coruña

Concello de Lugo

Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia. Subdirección Xeral de Cooperación  
Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID)

### **Centros docentes, universidades e departamentos universitarios**

Universidade de A Coruña

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade de Vigo

Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña

Escola Politécnica Superior de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela

Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Universidade de Santiago de Compostela

Laboratorio de Ingeniería Cartográfica da Universidade da Coruña (Cartolab)

Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe)

Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade de A Coruña

Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela

### **Outras organizacións**

A Cova da Terra

Amigos da Terra

Asociación FIARE Galiza

Arquitectos Sen Fronteiras-Demarcación Galicia

Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)

Coordinadora Galega de ONGD

Cuculmecca, Nicaragua

Fundación para la Investigación y el Desarrollo Rural (FIDER)

Grupo de Programadores e Usuarios de Linux

Panxea



**DATOS BÁSICOS DE ESF GALICIA**

**DIRECCIÓN:** Asociación de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia  
**Domicilio:** LG Campus Elviña, E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, 15.071 - A Coruña.  
**TELÉFONO:** 981 167 000 Ext.: 1479  
**CORREO-E DE CONTACTO:** [info@galicia.isf.es](mailto:info@galicia.isf.es)